

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E O CONCELLO DE CENLLE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DA ALDEA MODELO DE OSMO.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con CIF Q1500273F e sede na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, representada por José González Vázquez, na súa condición de presidente, en virtude do seu nomeamento como conselleiro do Medio Rural polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra, o Concello de Cenlle, representado por Rebeca Sotelo Fernández, na súa condición de alcaldesa, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As partes teñen plena capacidade para acordar este convenio e, ao efecto,





EXPOÑEN:

PRIMEIRO. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

Segundo o disposto no artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento.

Segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Lei 11/2021, entre as competencias da axencia figuran as seguintes:

- Diseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participacións dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.





- Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos na lei para tal fin.
- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes.

No ámbito das citadas competencias, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural vén realizando nos últimos anos actuacións destinadas a promover a mobilización de terras, en particular a través de proxectos de aldeas modelo.

SEGUNDO. O artigo 79 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, sinala:

Nas aldeas modelo procurarase a recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal circundantes á aldea, e particularmente daqueles que se encontren en situación de abandono e infrautilización, así como dos núcleos incluídos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación (...).

A declaración dunha aldea modelo poderá levar asociada a elaboración dun plan de dinamización que comprenda, total ou parcialmente, o ámbito clasificado como solo de núcleo rural que se encuentre dentro do perímetro da aldea modelo.





Pola súa parte, o artigo 118 da citada Lei 11/2021 sinala que:

1. O Plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo é un instrumento de planificación que formulará un programa plurianual que abranguerá, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo de núcleo rural dentro do perímetro das aldeas modelo, e no que se integran actuacións a nivel arquitectónico e tecnolóxico dirixidas a fomentar políticas de rehabilitación de edificios e de vivendas e a mellora do espazo público xunto con outras a nivel económico, ambiental e social.

2. Os plans de dinamización teñen como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e á rexeneración destes ámbitos, así como ao impulso da recuperación da actividade económica, á innovación tecnolóxica e á mellora das condicións de vida das persoas residentes. Estas actuacións incluírán, entre outras, a mellora da habitabilidade das vivendas, atendendo a criterios de eficiencia enerxética e de integración paisaxística, a implantación de sistemas alimentarios locais e canles curtas de comercialización, a promoción de estratexias para a xeración de valor engadido nos produtos agroalimentarios e forestais, o deseño de modelos de negocio local sustentables ou o desenvolvemento de solucións baseadas na natureza.

3. A consellería competente en materia de medio rural elaborará un modelo de Plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo que servirá como guía para a súa redacción.

Na actualidade a Consellería do Medio Rural aínda non dispón do modelo de plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo que sirva de guía para a súa redacción. Por esta razón, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural considera





conveniente abordar a elaboración de varios plans de dinamización a modo de plans piloto, que sirvan de referencia sólida para confeccionar un modelo xeral de plan de dinamización que xa estea contrastado previamente de xeito real. Debe terse en conta que a diversidade morfolóxica, edificatoria e funcional das aldeas galegas fai imposible que unha única aldea ou plan de dinamización poda ser representativo do conxunto dos máis de 30.000 núcleos de poboación de Galicia. Por este motivo, é necesario experimentar o deseño destes plans en varias aldeas que presenten diferentes características, co fin de asegurar que o modelo de plan elaborado a partir destes proxectos piloto recolla todas as casuísticas posibles.

Con este fin seleccionáronse catro aldeas modelo para o desenvolvemento dos primeiros plans de dinamización piloto. Estas aldeas foron seleccionadas por presentar diferentes características e distintas orientacións produtivas tanto para a terra agraria como para a posta en valor do ámbito edificado da aldea. O conxunto destes plans de dinamización pilotos asentarán as bases para crear o primeiro “*living lab*” no ámbito do desenvolvemento rural en Galicia. Permitirá xerar un espazo de investigación e innovación, de coordinación e de deseño de ecosistemas socio-económicos e tecno-culturais que permitirán pór de manifesto as capacidades do rural e o seu potencial socio-económico.

O establecemento dun “*living lab*” en catro aldeas modelo xerará un referente para poder implementar políticas de desenvolvemento rural innovadora baseadas en tres grandes liñas de traballo:

- 1) A mellora da calidade de vida da poboación, para o que é imprescindible desenvolver novos modelos de prestación de servizos públicos que permitan proporcionar á poboación rural o mesmo nivel e calidade de servizos dispoñibles no ámbito urbano, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para superar as dificultades existentes no rural.





2) O impulso de novas actividades e modelos de negocio centrados e relacionados co desenvolvemento rural, que dean resposta ás necesidades do rural a través da innovación e da dixitalización como tractoras dese desenvolvemento.

3) Dentro de cada un dos plans piloto, implementar solucións innovadoras como as desenvolvidas no marco do proxecto de Compra Pública de Innovación "Aldeas intelixentes".

Para poder implementar estas liñas de traballo é necesaria a creación e dinamización de comunidades de usuarios do seu capital social e cultural. Trátase de implementar un proxecto vivo, que a través do deseño, seguimento e avaliación dos diferentes Plans de dinamización permita elaborar o modelo regulado na Lei 11/2021 e mellorar de xeito dinámico e continuo o deseño destes plans.

Deste xeito, proporciónase unha visión de conxunto, holística, das aldeas modelo, que contribúe a integrar todas as realidades sociais, económicas, tecnolóxicas e culturais existentes e, á súa vez, permite optimizar os recursos e os servizos da propia administración.

As aldeas seleccionadas para o "*living lab*" corresponden a catro aldeas: A de Trascastro, no Concello de O Incio, e outras tres máis nas que xa se comezou a traballar nun primeiro borrador de Plan de dinamización en 2021: Osmo no Concello de Cenlle, Muimenta no Concello de Carballeda de Avia e Penedo no Concello de Boborás.





Osmo foi seleccionada por ser a primeira aldea modelo declarada e posta en produción e, polo tanto, da que se dispón de máis información e resultados. Das tres aldeas modelo que na actualidade xa teñen en marcha a actividade produtiva, Osmo é a que presenta unha actividade máis innovadora (**porco celta en extensivo** na proximidade dun núcleo de poboación). Ademais, esta produción gandeira deu lugar á unha posible explotación turística da aldea, ao atraer a numerosos visitantes que acoden á aldea como actividade de ocio. Por este motivo, o plan de dinamización explorará a orientación **residencial e turística** deste núcleo de poboación, e incorporará un plan especial de infraestruturas turísticas.

A aldea de **Muimenta**, en Carballeda de Avia, foi seleccionada porque albergará o primeiro **Espazo agrario de experimentación** segundo o regulado nos artigos 122-125 da Lei 11/2021. Asociado a este espazo, deseñárase un Plan de dinamización centrado **na innovación social** e no medio ambiente, a través do reacondicionamento de vivendas para persoas con discapacidade intelectual e para a actividade terapéutica e pre-laboral desenvolvida por estas persoas e asociada á actividade agroforestal.

A aldea de **Penedo**, en Boborás, foi escollida polas boas condicións que presenta para o desenvolver o seu potencial como lugar de **segunda residencia**, ao unir a unha boa accesibilidade -por estrada e ferrocarril- e proximidade á capital da provincia, a existencia dun atractivo cultural e patrimonial relevante. Por este motivo, elaborárase un Plan de dinamización orientado a potenciar esta aldea como lugar de segunda residencia.

A aldea de **Trascastro**, en O Incio, foi seleccionada porque é a primeira aldea declarada na provincia de Lugo. Vinculada ao proxecto de aldea modelo





implantouse unha actividade de gandería en extensivo con vaca cachena. A singularidade do seu núcleo e contorna, a vinculación cos soutos a existencia de elementos catalogados do patrimonio cultural dentro do ámbito de influencia da aldea, así como a crecente demanda de actividades turísticas vinculadas á natureza e ao patrimonio nesa zona, poñen de manifesto a idoneidade do núcleo de Trascastro para levar a cabo un plan de dinamización do núcleo rural da aldea modelo.

As primeiras aldeas modelo puxéronse en marcha a través da antiga Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, sendo a aldea modelo de Osmo, no Concello de Cenlle, a primeira aldea modelo declarada mediante o Acordo do 7 de agosto de 2019 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, así como a primeira na que se desenvolveu unha actividade agraria produtiva, neste caso, gandaría de porcino en extensivo. A través deste proxecto, conseguíronse recuperar máis de quince hectáreas de terreo, converténdose no referente das aldeas modelo en Galicia.

A aldea modelo de Osmo, non só pola súa representatividade senón polas súas características, constitúe un ámbito territorial idóneo para a implementación dun plan piloto que permita contrastar nun entorno real a definición e implementación dun Plan de dinamización que serva de guía para a elaboración dun modelo xeral pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Aproveitando o carácter experimental do proxecto, ademais do plan xeral de dinamización elaborábase un plan especial de protección e de infraestruturas e dotacións para a implantación de actividades turísticas en Osmo.





TERCEIRO. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante, LBRL), recolle as competencias específicas dos concellos, que, para a xestión dos seus intereses, poden promover actividades para satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Neste marco, e nos termos establecidos na LBRL, os concellos teñen competencias propias, entre outras, nas seguintes materias: urbanismo, medio ambiente, infraestruturas e equipamentos da súa titularidade, promoción da cultura e dos equipamentos culturais, promoción de actividade turística de interese no ámbito local e participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e comunicacións.

Por outra parte, o artigo 120 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, sinala que os plans de dinamización dos núcleos rurais das aldeas modelo serán formulados polos concellos.

CUARTO. En virtude do anterior, as actuacións necesarias para a posta en marcha do “*living lab*”, a elaboración do Plan de dinamización do núcleo rural, dun plan de especial de protección e de infraestruturas e dotacións para a implementación de actividades turísticas, dos proxectos básicos e de execución das construcións e da urbanización do espazo exterior, a compra de terreos, edificacións e infraestruturas básicas e a asesoría xurídica na aldea modelo de Osmo, serán realizadas polo Concello de Cenlle, e subvencionadas mediante o presente convenio pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, tendo en conta a previsión do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas seguintes razóns:

- a) Que segundo establece o artigo 120.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, os plans de dinamización dos núcleos rurais de Galicia deberán ser elaborados polos concellos e poderán pedir a colaboración a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a súa realización.





- b) O seu carácter excepcional. A elaboración deste Plan de dinamización e demais actuacións citadas permitirá, a modo de proxecto piloto, testar cun caso práctico as dificultades, características, contidos... da elaboración destes tipos de plan, sobre o que non hai experiencia previa na Administración autonómica, e permitirá asentar as bases para a implementación do primeiro “*living lab*” de desenvolvemento rural en Galicia.
- c) O interese público que concorre na súa elaboración. O artigo 118.3 da Lei 11/2021 prevé que a consellería competente en materia de medio rural elabore un modelo de plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo que sirva como guía para que os concellos interesados poidan redactalo. Porén, a citada consellería aínda non dispón dese modelo. Estas circunstancias poñen de relevo o interese público en que a Administración autonómica conte cun plan de dinamización para unha aldea modelo concreta, que sirva como referencia xa contrastada na práctica para a elaboración dun modelo xeral de plan de dinamización.
- d) A singularidade da Aldea Modelo de Osmo, no só pola súa representatividade senón polas súas características, constitúe un ámbito territorial idóneo para a implementación dun proxecto piloto que permita contrastar nun entorno real a definición e implementación dun Plan de dinamización que sirva de guía para a elaboración dun modelo xeral pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Osmo foi seleccionada por ser a primeira aldea modelo declarada e posta en produción e, polo tanto, da que se dispón de máis información e resultados. Das tres aldeas modelo que na actualidade xa teñen en marcha a actividade produtiva, Osmo é a que presenta unha actividade máis innovadora (porco celta en extensivo na proximidade dun núcleo de poboación). Ademais, esta produción gandeira deu lugar á unha posible explotación turística da aldea, ao atraer a





numerosos visitantes que acoden á aldea como actividade de ocio. Por este motivo, o plan de dinamización explorará a orientación residencial e turística deste núcleo de poboación, e incorporará un plan especial de infraestruturas turísticas.

De acordo co exposto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese concorrente das partes na elaboración do Plan de dinamización de que se trata, as partes asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións necesarias para a elaboración do Plan de dinamización do núcleo rural da aldea modelo de Osmo, mediante unha subvención directa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao Concello de Cenlle.

SEGUNDA.- Actuacións das partes.

- 1.- As actuacións que vai realizar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural son:
 - Facilitarlle, ao equipo técnico que elabore o Plan de dinamización, a información relevante de que dispoña sobre a elaboración de plans de dinamización de aldeas modelo.
 - Asesorar e realizar o seguimento dos traballos técnicos de elaboración do Plan de dinamización.
 - Tramitar o Plan de dinamización para sometelo á aprobación do Consello da Xunta.





- Apoiar e poñer en marcha as actuacións previstas no Plan de dinamización dentro do eido das súas competencias, nos termos que estableza o Consello da Xunta no caso de que aprobe o plan.
- Financiar a elaboración do Plan de dinamización nos termos sinalados na cláusula correspondente.

2. As actuacións que vai realizar o Concello de Cenlle son as que se recollen no Anexo I de plan de traballo e máis :

- Facilitarlle, ao equipo técnico que elabore o Plan de dinamización, a información relevante de que dispoña para a elaboración do plan.
- Apoiar e poñer en marcha as actuacións previstas no Plan de dinamización dentro do eido das súas competencias, nos termos que estableza o Consello da Xunta no caso de que aprobe o plan.
- Levar a cabo as tarefas necesarias para a elaboración do plan e cumprir cos obxectivos do convenio.
- Elaborar o Plan de dinamización da aldea modelo de Osmo, polos seus propios medios ou a través de terceiros, tendo en conta a regulación e contidos previstos nos artigos 118 e seguintes da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, e mais o contido dos Anexos I e II deste convenio. Así mesmo, deberá ter en conta o Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG nº 36, do 22 de febreiro), que sinala que os artigos 118 a 121 da citada Lei 11/2021 deben interpretarse de conformidade co recollido na lexislación básica sobre avaliación ambiental.
- Financiar a elaboración do Plan de dinamización nos termos sinalados na cláusula correspondente.
- Xustificar os gastos que xere a elaboración do Plan de dinamización.





3. Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Cenlle.

O concello comprométese a facer constar na documentación vinculada ao convenio a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para o que terá en conta a normativa da imaxe corporativa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O concello deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o concello cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O concello deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das





obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Agader para solicitar que a Axencia Estatal da Administración Tributaria lle subministre por medios telemáticos a información de carácter tributario que precise, de acordo co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e a autorización para que Agader realice as consultas de comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. Agader poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.-Financiamento e custos subvencionables.

O gasto total das actuacións do proxecto piloto para a aldea modelo de Osmo, de acordo co orzamento previsto no Anexo II, ascende a trescentos mil euros (300.000€), para o período 2022-2023.

Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concede ao Concello de Cenlle unha subvención directa a fondo perdido por un importe de trescentos mil euros para as anualidades 2022-2023.





A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022 e 2023, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria: 14.A1.712A.760.0 Cod. Prox. 2022-00002			TOTAL
"Proxectos piloto para a elaboración de plans de dinamización de núcleos rurais de aldeas modelo",			
Importe	2022	2023	300.000 €
	105.000€	195.000€	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.





A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Agader poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo Concello de Cenlle do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello de Cenlle tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 240.000 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están





obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; porén, o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, ás administracións públicas.

No caso de que o Concello de Cenlle solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións recollidas no Anexo I (Plan de traballo) por un importe total previsto de 300.000 € (detallado no Anexo II) da seguinte forma:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida será a seguinte:





	Data límite presentación xustificación	Cantidade mínima a xustificar	Período realización gastos e pagamentos
1º pagamento (2022)	30/11/2022	105.000€	Dende 01/01/2022
2º pagamento (2023)	15/11/2023	195.000€	Dende 01/12/2022
TOTAL		300.000€	

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa da subvención presentarase de xeito electrónico na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante;

<https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan> e incluírá a seguinte documentación:





- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace do Alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.
- Acta de recepción ou conformidade.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.





En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 15 de novembro do 2023, data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o Concello de Cenlle non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.





SEXTA.- Relación laboral entre as partes.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o Concello de Cenlle asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

SÉTIMA.-Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 30 de novembro do 2023, salvo ampliación do prazo de execución por acordo mutuo das partes antes da súa finalización.

OITAVA. Publicidade.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Cenlle acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de





setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicación en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, haberá unha comisión mixta de seguimento, composta por un membro de cada unha das entidades asinantes: por Agader, a persoa titular da Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, ou persoa en quen delegue, e polo Concello de Cenlle, a persoa titular da alcaldía ou persoa en quen delegue.

A dita comisión reunirse coa periodicidade que se estime conveniente, a petición dunha das partes, para velar pola correcta execución do convenio mediante o exercicio das seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Facer o seguimento das actividades previstas no presente convenio.





En caso de discrepancia, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural resolverá as cuestións sobre a interpretación e execución do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O acordo mutuo das partes asinantes.
- b) A concorrencia de circunstancias que fagan imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) O incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio, sen prexuízo dos danos e perdas imputables á parte causante. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza xurídica e xurisdición.

Este convenio ten natureza administrativa, réxese polas súas propias cláusulas e, en todo o non recollido nelas, aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na restante normativa que resulte de aplicación. A xurisdición





contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os que exerzan unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites que realicen coas administracións públicas en exercicio desta actividade profesional, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal/>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade co que antecede, as partes asinan o presente convenio no lugar e data ao comezo citados.

José González Vázquez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21/07/2021)
Presidente da Agader

Rebeca Sotelo Fernández

Alcaldesa do Concello de Cenlle





Anexo I. Plan de traballo.

PLAN DE DINAMIZACIÓN :

O traballo desenvolverase en dúas fases temporais, de xeito secuencial, a primeira fase terá unha duración de 4 meses a contar dende a sinatura deste convenio e a segunda fase será de 3 meses unha vez rematados os traballos da fase anterior.

As actividades a realizar dentro do plan de dinamización serán:

- A) Estudio histórico, sociolóxico e demográfico da parroquia e do núcleo de Osmo. O estudo –centrado na poboación da parroquia, e especificamente no núcleo de Osmo- conterá enquisas e entrevistas cos veciños –permanentes ou ocasionais- para contrastar os seus intereses e desexos, en relación ca intervención a realizar, así como da problemática existente na aldea, aos efectos de establecer un “censo de capital humano” que asegure a capacidade transformadora que se propón.
- Así mesmo, realizaranse análises demográficos encamiñados ao coñecemento preciso da poboación da aldea, en relación ca súa idade, actividade, residencia permanente ou ocasional, composición de unidades familiares, situación das vivendas, forma de tenencia, e o coñecemento das actividades económicas e culturais e o tecido asociativo, tanto na parroquia como na aldea de Osmo.
- Trátase de confeccionar unha “cartografía social” que permita o entendemento do conxunto de veciños, a súa idiosincrasia, personalidade e comportamento en relación co proxecto, a súa posible implicación nos procesos de recuperación e rehabilitación da aldea, todo ca finalidade de rehabilitala con acerto, e para que nela se viva con dignidade e confort, e poida servir de exemplo e modelo para a necesaria rehabilitación dos hábitats rurais de Galicia.





Por outra parte, realizarase unha análise encamiñada ao coñecemento tanto da avaliación histórica da parroquia e o núcleo de Osmo, nas súas vertentes poboacionais, sociais e culturais, que posibiliten entender as actividades que sobre o solo produtivo se foron desenvolvendo, así como as diferentes transformacións operadas na súa secuencia temporal, sobre o tecido edificado da parroquia e do núcleo de Osmo.

Analizarase e elaborarse documentación histórica e cartográfica ao longo da evolución do asentamento.

B) Propostas de mellora da aldea de Osmo.

B.1. Lugares e espazos comunitarios ou públicos.

Hanse de identificar en cada aldea aqueles lugares/espazos comunitarios, preexistentes ou non, susceptibles de ser usados, ou onde poidan implantarse, equipamentos e espazos libres de carácter comunitario, co obxecto de potenciar a cohesión social e a vida comunitaria da aldea:

- Edificios singulares existentes, de arquitectura singular ou tradicional, que poidan recuperarse para uso social e cultural de carácter comunitario.
- Parcelas susceptibles de albergar unha nova dotación sociocultural e/ou deportiva.
- Espazos susceptibles de usarse como espazos de referencia comunitaria, de nova creación ou preferiblemente vinculados á memoria colectiva ou á historia, como fontes e lavadoiros, abrevadoiros e pozas de entullo, eiras comunitarias e campos de hórreos, campos de festa/romaxe e baldíos, ...
- Ensanchamentos de camiños e espazos vinculados á accesibilidade ou á centralidade, de carácter mixto, que poidan acondicionarse para paradas de autobús ou pequenos aparcadoiros, áreas de sombra ou cubertos, pezas para sentarse, etc.





- Áreas de xogo libre, tradicional e/ou deportivo, de diversa configuración e dimensión.

B.2. Camiños e rede viaria

Identificaranse os camiños, de a pé e rodados, e destacaranse aqueles con significado e funcionalidade, tanto de relación interna do núcleo de casas, como os de relación cas diferentes terras de cultivo da aldea, como aqueles de relación con outras aldeas e parroquias.

Destacaranse tamén os camiños susceptibles de integrarse en rutas de camiñar, en itinerarios paisaxísticos, en rutas de bicicleta de montaña, etc.

Propoñeranse actuacións de reparación necesaria e de acondicionamento de carácter mínimo, incluso de sinalización, se fose necesaria.

B.3. Edificacións.

Farase un estudo das diferentes edificacións tipolóxicas presentes no núcleo de Osmo, diferenciando tres niveis atendendo a seu estado e situación construtiva:

- Edificios en ruínas, entendendo por tales todas aquelas construcións que se atopen abandonadas, deshabitadas, e presenten trazas ou restos construídos dunha situación anterior, con independencia do seu estado actual.
- Edificios e construcións necesitadas de reforma ou rehabilitación no seu estado actual para acadar un nivel de habitabilidade axeitado.
- Edificacións e construcións que, aínda atopándose en bo estado construtivo e de habitabilidade, necesiten dalgunha intervención relacionada ca eficiencia enerxética e/ou de integración paisaxística.

As propostas reflexionarán sobre solucións construtivas –innovadoras e tecnolóxicas- xeneralizables a outras edificacións en situación semellante, que puideran recollese nos plans de dinamización.





B.4. Servizos básicos.

Tratarase de identificar en cada aldea o mellor e mais conveniente sistema de dotación de cada un dos servizos urbanísticos básicos

Cada servizo por separado, ou ben parte deles, ou incluso todos en conxunto poderán dotar ás parcelas do núcleo da aldea dos servizos urbanísticos básicos de enerxía eléctrica, telecomunicacións, alumeadado exterior, auga potable, evacuación e tratamento de augas residuais.

Ademais, en atención ao ciclo da auga na natureza, resolveranse os camiños, tratamento, e a consideración das augas pluviais.

E tamén, en atención aos procesos metabólicos entre o grupo de casas e o territorio, proxectarase o tratamento e valorización dos residuos e a evacuación do lixo non aproveitable.

Deste xeito, cada aldea adoptará o sistema mais conveniente en función do seu emprazamento, densidade e morfoloxía; en función das súas condicións xeolóxicas, xeográficas e de relación ca contorna; en función da súa propia dinámica e antecedentes, e situación actual; etc.

En esencia, cada un dos servizos resolverase ben:

- individualmente en cada parcela que o necesite.
- comunitariamente para cada aldea ou para partes significativas dela,
- convencionalmente, conectándose ás redes públicas ou de compañías subministradoras, cas que se resoven cada un dos servizos.

2.5 Innovacións.

Propoñeranse actuacións que inclúan a implantación de solucións innovadoras e tecnolóxicas ca fin última de mellorar a calidade de vida.





Proxectaranse solucións encamiñadas á prefabricación e seriación de propostas construtivas para as edificacións, procurando a racionalidade e sinxeleza ao mesmo tempo que se busca a economía orzamentaria e a sustentabilidade.

A mellora na habitabilidade das vivendas, atenderá a criterios de eficiencia enerxética e de integración paisaxística, ao igual que as intervencións sobre o espazo comunitario ou público, tanto no relativo ás redes de servizos, como ao acondicionamento do espazo e da pavimentación.

Analizaranse os elementos definatorios da paisaxe rural do núcleo e da aldea como o serán as perspectivas paisaxísticas, os bancais e terrazas de cultivo, os mananciais e cursos de auga superficiais ca súa vexetación riparia asociada, os valados e límites definatorios de parcelas ou dos mosaicos agrarios, os cambios de vexetación asociados á funcionalidade agraria, os camiños estruturantes parroquiais e de servizo ás parcelas, o emprazamento, agrupamento e morfoloxía das construcións e dos casais, etc.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS EN OSMO.

O Plan identificará as ruínas existentes dentro do ámbito e desenvolverá as determinacións que propicien a súa rehabilitación, regulando os usos e as ordenanzas de necesarias para implantar as máis axeitadas actividades turísticas, que contribúan ao desenvolvemento do núcleo, protexendo os espazos rurais da contorna.

Proporá unha normativa axeitada para a valorización e recuperación das construcións, e unhas disposicións para o acondicionamento integral e integrado dos espazos libres exteriores adxacentes ao ámbito da intervención, incorporando





os aspectos morfolóxicos e etnográficos significativos das estruturas rurais preexistentes.

A documentación a presentar será a recollida no artigo 184 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

O prazo para a redacción dos documentos iniciais será de tres meses.

PROXECTOS BÁSICOS E DE EXECUCIÓN.

Seleccionadas as edificacións abandonadas, degradadas e/ou ruinosas das que se estime necesaria a súa rehabilitación integral en función do grao de deterioro, así como o acondicionamento dos espazos exteriores adxacentes, todo para acadar a necesaria dotación turística da aldea de Osmo, e seguindo as determinacións do Plan Especial, redactaranse os correspondentes **PROXECTOS BÁSICOS E DE EXECUCIÓN** das **CONSTRUCCIÓN**s e da **URBANIZACIÓN** do **ESPAZO EXTERIOR**.

CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICO XURÍDICA: para a elaboración dos proxectos.

COMPRA DOS TERREOS E EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS: a compra dos terreos e execución das infraestruturas necesarias realizarase antes da aprobación dos plans.

O prazo de redacción destes proxectos será de un mes, desde a entrega do Plan Especial.





Anexo II. Cadro de financiamento.

RESUMO DO ORZAMENTO

ANUALIDADE 2022:

PLAN DE DINAMIZACIÓN DO MEDIO RURAL, PLAN ESPECIAL E PROXECTO: 70.000€
COMPRA DE TERREOS, EDIFICACIÓNS E EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS
BÁSICAS: 25.000€

ASISTENCIA TÉCNICO-XURÍDICA PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN: 10.000€

ANUALIDADE 2023:

PLAN DE DINAMIZACIÓN DO MEDIO RURAL, PLAN ESPECIAL E PROXECTO:
160.000€

COMPRA DE TERREOS, EDIFICACIÓNS E EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS
BÁSICAS: 25.000€

ASISTENCIA TÉCNICO-XURÍDICA PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN: 10.000€

ORZAMENTO DESAGREGADO:

Os traballos a desenvolver serán as seguintes actuacións:

A. PLAN DE DINAMIZACIÓN.

FASE 1: Duración de 4 meses dende a sinatura do convenio.

1. Realización de planos a escalas mínimas 1:500, 1:1000, 1:2000 e 1:5000 do núcleo rural de Osmo e o seu ámbito parroquial, a partir da documentación gráfica dixital facilitada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, onde se tratará de mostrar como a identidade do territorio suxire a súa propia alternativa cando se proxecta intervir sobre el, constituíndo unha guía para a súa axeitada descrición, ordenación e proxectación.





Importe 20.000 €
Duración4 meses

2. Levantamento de planos e alzados das edificacións do núcleo de Osmo e o seu estudio tipolóxico, para elaborar as bases planimétricas que posibiliten as intervencións específicas de propostas sobre as edificacións presentes nos seus diferentes niveis establecidos, e na selección de edificacións sobre as que se intervirá.

Importe 20.000€
Duración4 meses

3. Estudo histórico, sociolóxico e demográfico da parroquia e o núcleo de Osmo, e análise da avaliación histórica da poboación e da edificación.

Importe 10.000 €
Duración4 meses

4. Dotacións contemporáneas para as aldeas-modelo. Lugares e espazos comunitarios, camiños e servizos básicos. Selección e representación planimétrica de ámbitos de intervención e programas.

Importe 10.000 €
Duración4 meses

5. Estudo do marco legal e identificación de posibles modificacións normativas e asesoramento xurídico en todo o proceso.

Importe 10.000 €
Duración4 meses





6. Elaboración dun catálogo de bens patrimoniais culturais e naturais.

Importe 20.000€

Duración 4 meses

7. Diagnóstico da información para elaborar os traballos da segunda fase.

Representación planimétrica.

Importe 10.000 €

Duración 4 meses.

FASE 2. Duración de 3 meses desde o remate dos traballos da FASE 1.

Elaboración do documento final en base aos traballos anteriores:

A) Memoria expositiva e xustificativa.

B) Análise e diagnóstico

C) Catálogo de intervencións, na edificación, no espazo comunitario e na paisaxe rural.

D) Programa de actuación e avaliación económica.

E) Planos de estado actual e de ordenación e proxecto.

F) Normativa e recomendacións.

G) Proceso de síntese final dos traballos. Composición, montaxe, maquetación e selección do material para a formalización dos diferentes documentos.

Importe 20.000 €

Duración 3 meses

B. Plan especial, redactaranse os correspondentes PROXECTOS BÁSICOS E DE EXECUCIÓN das CONSTRUCIÓNs e da URBANIZACIÓN do ESPAZO EXTERIOR. O prazo de redacción destes proxectos será dun mes , dende a aprobación do Plan





Especial. de protección e de infraestruturas e dotacións para a implantación de actividades turísticas en Osmo.

O Plan identificará as ruínas existentes dentro do ámbito e desenvolverá as determinacións que propicien a súa rehabilitación, regulando os usos e as ordenanzas de necesarias para implantar as máis axeitadas actividades turísticas, que contribúan ao desenvolvemento do núcleo, protexendo os espazos rurais da contorna.

Proporá unha normativa axeitada para a valorización e recuperación das construcións, e unhas disposicións para o acondicionamento integral e integrado dos espazos libres exteriores adxacentes ao ámbito da intervención, incorporando os aspectos morfolóxicos e etnográficos significativos das estruturas rurais preexistentes.

A documentación a presentar será a recollida no artigo 184 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

O prazo para a redacción dos documentos iniciais será de tres meses.

Importe 60.000 €

Duración 3 meses

C. Proxectos básicos e de execución.

Seleccionadas as edificacións abandonadas, degradadas e/ou ruinosas das que se estime necesaria a súa rehabilitación integral en función do grao de deterioro, así como o acondicionamento dos espazos exteriores adxacentes, todo para acadar a necesaria dotación turística da aldea de Osmo, e seguindo as determinacións do Plan Especial, redactaranse os correspondentes PROXECTOS BÁSICOS E DE EXECUCIÓN das CONSTRUCIÓNs e da URBANIZACIÓN do ESPAZO EXTERIOR.

Importe 50.000 €

Duración 1 mes





D. Asistencia técnico-xurídica para a posta en marcha do plan:

Importe 20.000€

E. Compra de terreos, edificacións e execución de infraestruturas básicas:

Importe 50.000 €

	PLAN DE DINAMIZACIÓN + PLAN ESPECIAL + PROXECTO BÁSICO	ASESORÍA XURÍDICA	COMPRA DE TERREOS , EDIFICACIÓNS E INFRAESTRUTURAS BÁSICAS	TOTAL
2022	70.000€	10.000€	25.000€	105.000€
2023	160.000€	10.000€	25.000€	195.000€
TOTAL	230.000€	20.000€	50.000€	300.000€

